

A NOSA TERRA

IDEARIUM DAS IRMANDADES DA FALA

ANO XV

A Cruña, 1.º Xulio 1931

Núm. 285

AO DECORREL-OS DIAS

Foi a asamblea realizada para aprobación do Estatuto galego o acontecemento galeguista de máis fonda transcendencia ocorrido no pasado mes. Ten de ser ese feito o que ocupe as primeiras liñas d'esta sección adicada a comentar a actualidade.

Un acontecemento verdadeiramente extraordinario na vida política galega.

Foi a plasmación en algo concreto das arelas de redención que aninhen hoxe na conciencia de Galicia. Revelación elocuente de como as ideas autonomistas que andamos a defender e predicar dende fai quince anos atopan hoxe favorable e entusiasta acollida nos homes que pensan e valen na nosa terra. Algo como pora sentirse realmente satisfeitos quenes como a nós ao cabo dos anos ollemos como o pobo galego incorpórase espiritual e materialmente ao noso idearium de redención, ao noso programa de sempre que é o único que pode significar para Galicia a súa liberdade.

Galicia enteira ao aprobar o Estatuto sancionou a nosa laboura de sempre e trazouse un programa concreto de aspiracións na hora presente que debe ser de renovación da vida total da Hespaña.

Temos os galegos xá un programa que defender rexamente. Un resumo de aspiracións que presentar ante o Palramento constituente. Media laboura realizada. Compre agora completar a obra non acougando até ollala completamente cristalizada en feitos.

Si todol-os galegos decatáranse da transcendencia do actual momento, non deberan pensar n'outra cousa que en defender ese programa, o Estatuto.

Mais, como tristeira realidade, non todos queren facel-o e xá acuden as cobizas persoales e políticas lixando a obra. Aínda hai Xudas.

Son momentos de gran inquedanza os actuais. Non se sabe aínda que sairá das Cortes Constituíntes. Pode sair o vieiro da nosa redención e pode continuar o noso sometimento a un novo Estado centralista.

O noso deber, a obriga dos nacionalistas, é estar na vangarda como estivemos sempre. E da solución que as Cortes deian ao preito galego dependerá a nosa actuación no porvir. Que ben pode ser de cordial acatamento ao novo Estado como de franca hostilidade e rebeldía.

Galicia necesita arranxar agora e para sempre o seu problema de nacionalidade dentro do Estado hespañol. Isto é o único momento en que pode facel-o.

Galicia xa dixo a súa derradeira verba. Agora que fale Hespaña. Nós os nacionalistas, rexamente, patrióticamente saberemos cumprir co noso deber.

Agardemos un pouco máis e dispoñámonos a actuar como as circunstancias obriguem. A ourentar a vida galega no caso de que conquira a autonomía ou a poñernos fronte a Hespaña si nos nega o noso dereito.

Estos son os camiños que nos agardan.

Cando estas liñas saian á luz xa estarán feitas as eleccións constituíntes.

Non sabemos, no momento de as escribir, quenes serán os homes que Galicia mande a Madrid a falar por ela.

Sabemos sí que ao mesmo tempo que nas candidaturas figuran nomes de verdadeira confianza, capacidade e garantía, atópanse outros francamente rechazables. Son as cobizas políticas, as impurezas da realidade, as que determinan estas diferencias.

Nós temos que decir que de absoluta garantía para Galicia non figuran máis que homes do nacionalismo. Non quer decir isto que non haxa tamén algúns nomes que aínda non tendo de-

mostrado unha constante e seria preocupación pol-as cousas galegas non defendan, caso de trunfaren, as aspiracións de Galicia. Pero nós, repetimos, somentes podemos responder dos nosos.

Os deputados galegos teñen a obriga de iren a Madrid a presentar e defender o Estatuto galego, até conquistar a súa aprobación. Non teñen outra misión máis urxente nin de maior transcendencia. Que todos seipan decatarse d-esta suprema realidade.

Un sô nacionalista que salla deputado será d'abondo para que a voz da nosa terra sexa ouvida no Palramento. Mais é necesarió que a ela xúntense as de todol-os demáis. Un bloque de deputados galegos cinguidos aos cataláns e vascos, sería d-abondo para acadar para Galicia, Cataluña e Vasconia a aprobación dos seus Estatutos.

Por moi nemigo que d-esas aspiracións lexítimas fose o Palramento non podería negarse a sancionar as arelas de tres nacionalidades. Por xusticia e por evitación de maiores males para a Repúbriica e para Hespaña.

Que os deputados galegos cumpran cõ seu deber, nós respondemos dos nacionalistas que poidan trunfar, e que Galicia enteira dispõñase a põse en pé e vixiante.

Vaise a dilucidar o noso porvir e a transcendencia do momento require en todos ó maiximo de atención e a ausoluta vontade de acadar agora a nosa liberdade en forma autonómica.

A esquerda galeguista fálalle o país

Facemos noso o seguinte manifesto. Os xuicios que n-il se fan son d'unha exaitude comprobada.

Coidamos emporiso que compre agardar a ver como as Cortes Constituintes se manifestan diante do preito galego. Integramente compenetrados e-o que se di no documento histórico da Esquerda galeguista non facemos mais que aplazar a súa apricación. Aplazamento que siñifica o derradeiro prazo que Galicia dá ao Estado hespañol para que resolva o seu problema.

Canta mais pacencia demostramos e canto mais queira Hespaña iñorar o noso preito nacional máis razón teremos nós para as nosas campañas e para a autuación que os nacionalistas habemos de seguir.

“Ao país galego:

Todos nós, quen mais e quen menos, certos de que a monarquía figuérase incompatibre co-a nosa Terra, maxinamos e soñamos que a repúbriica abriría camiño ás nosas arelas posibilitando unha Galiza nova e distinta. Sobrado correu o tempo pra que a nosa vontade poida mantér ainda en pé a derradeira esperanza unhas novas Hespañias, que se voltan imposibres co-a revoluzón malograda, que as tráxicas figuras políticas de todo tempo levan a unha disxuntiva incompatibre co noso pensamento; ou o estatismo cohambroroso que paralizou a Hespaña no século dazaseis, ou o caótico rebum-

bio valdeiro de todo contido novo e provéitoso. Cunha fonda mágoa, que estoira nosos ollos en bágoas, temos a obriga de confesar que o pobrema galego váise tornando pra nós incompatibre cos homes da Hespaña.

Agardamos unha e outra serán, dispostos a esgotar total-as posibidás, hasta ver si era posibre que o goberno de Madri e os seus representantes no noso país, disen ouvidos aos nosos desacougos. Négasenos un decreto que poña a coberto nosos dereitos lingoísticos, entanto se lle outorga a outros pobos de inquedados semellantes aos nosos; esquecese nosa custiõn foral, coma si noso labregõ non fose o traballador mais infe-

liz da península; trúncanse nosos ferrocarrís e obras púbricas—imprescindibres pra a nosa economía—namentras seguen seu camiño aqueles loucos proieutos que maxinou a ditadura e sobr-os que caíron sospeitas de toda crás. E cando coidábamos que ainda podería ter todo un arreglo, no intre en que falasen nas Cortes Costituíntes nosos representantes lexítimos—xentes novas, fortes, vertebramente galegas, escolleitas por libre vontade do pobo—amáñanse en contratos noxentos unhas candidaturas, feitas ao ditado dos mais vellos caciques e por imposición eispresa dos que mais e millor deberían vixiar pola limpeza do nosa vida púbrica.

Nestas condiciõs nós, xentes mozas homes certos dos seus deberes, abrimos un roteiro ás inquedanzas da mocidade galega non disposta a transixir con componendas de antiga feitura e incapaz de vivir neste ambiente abafante e serodio, axuntándonun recanto, tan isolado canto sexa preciso, que denomeamos EZQUERDA GALEGUISTA

Nosa xuntanza imponnos esta des

crarazón termiñante:

1.º Cobizamos labourar soio pra Galiza, comprometendonos a non aceitar nomeamentos polítecicos do goberno de Madri.

2.º Desligámonos de todol-os partidos hastra hoxe eisistentes, si ben non abandonamos a posibilidade de xuntar nosos esforzos aos que teñan un contido manifestamente ezquerdista, no caso en que o ben de Galiza esí o requira.

3.º Pomos a vida e a ialma na loita; pol-a independenza da nosa cultura; no orde mental; pol-a decrarazón categórica do dereito indiscutible do pobo galego a autodeterminar o seu destiño, no orde político; e no orde económeco, pol-a desgravazón absoluta da terra pra quen a traballa e a negazón da susistencia económeca aos que non rendan unha función social

Folga consiñar que a EZQUERDA GALEGUISTA abstense nestas eleicións antidemocráticas, mantendo seu dereito a vixiar aos candidatos trunfantes sobre moitos dos cuas recaen nosas sopeitas de que treizonarán os outos intreses da República e os sagros dereitos do pobo galego que cifra, no Estatuto

Rexional aprobado o catro dos correntes na Cruña, a súa derradeira posibilidade de entendemento co resto da Hespaña.

Sant-Iago de Compostela, 14 de xunio de 1931.—Alvaro de las Casas, escritor; Victor Martínez, abogado; José Carnero Valenzuela, licenciado en Ciencias y Farmacia; Jose Eiroa, escultor; Sebastián González, profesor da Universidade; Primitivo R. Sanjurjo, escritor; Antonio Fraguas, profesor da Universidade; Francisco Gastañaduy, estudante; Arturo Cuadrado, periodista; Eduardo Sánchez Fraga, médico; J. López Durá, estudante; Juan Luis Ramos, estudante Luis Tobío, profesor da Universidade; Modesto Blanco, abogado; Lui Seoane, López, estudante e dibuxante; R. Carballo Calero, abogado; José Caamaño, abogado; Xaquín Lameiro, empregado; Basilio Fernández, Barbazán, perito agrícola; José María Vazquez, abogado; Anxel Casal, editor; Clemente Zapata, profesor da Universidade; Cesáre Vázquez Ulloa, abogado; J. Rodríguez, estudante de Maxisterio; R. Fernández Casas, escolante (siguen as firmas).

ria ou federal, vai ser cuestión de longo debate.

E non me atrevo a vaticinar que tendencia trunfará.

Galicia dende logo non atopará a mesma facilidade que Cataluña, cando se discuta a súa cuestión. A Cataluña ténselle medo e a Galicia sigue considerándose pouco mais ou menos como antes. Por outra parte Cataluña mandará ao Palramento un gran número de deputados, podiamos decir que todos, que dependerán e conquerirán como sexa a aprobación do seu Estatuto, Galicia está en inferioridade pola política noxenta que os partidos republicanos, somentes en parte pódese facer unha exceición co'a Federación veñen exercendo na nosa terra pensando unicamente nos suas ansias de mango neo sin recoller as arelas autonomistas que hoxe respiranse en Galicia.

Os deputados galegos dividiranse en dous bandos. Unitarios e federales. E penso que non serán moitos os federales porque non teño moita confianza no trunfo das candidaturas íntegras, nacionalistas e de Federación Republicana como candidatos teñen o deber de defender o noso Estatuto.

Penso que os poucos candidatos autonomistas que triunfentarán que librar unha enorme batalla no Palramento que en principio haberá de negar o dereito de Galicia a acadar a súa autonomía.

Somentes a necesidade perentoria de resolver o problema Catalán deixará unha porta aberta a Galicia. E aínda non sei.

Do momento

Teño que confesar con franqueza que non son moi outimista respecto a que o preito autonómico de Galicia acade a solución necesaria. A confianza que eu tiña de que no réxime republicano solucionaríase o noso problema vouna perdendo a medida que pasa o tempo e vaise descubriendo a tendencia dos partidos republicanos que ao parecer acadarán a maioría parlamentaria. Variaron moito as cousas e vese agora como se destapan as ambicións persoas que se antepoñen ás ideas pretendendo crear un Estado republicano que

pouca diferenza terá co Estado monárquico.

Por fontes autorizadas e detalles que o demostran craramente parece ser que se pretende crear unha República tipo francés. Síguese ignorando a realidade hispánica e quérese marchar na República de costas a aquela realidade

Esta tendencia atopa gran ambiente na opinión e teñen a seguridade de que nas Cortes Constituintes manifestarase u' unha gran cantidade de deputados. Cando se trate o aspecto da forma republicana unita-

Por outra parte tampouco o goberno define craramente a súa posición n'este asunto e parece que quere descargar nas Cortes a solución sin demostrar, nunha antiga posición sospeitosa, o seu criterio difinido por moitas voltas que anda a darlle ao pacto de San Sebastián que xa ten en parte aparencia de letra morta.

Ademais os homes do goberno nas súas campañas eleitoraes deixan traslucir as dúas tendencias. E un membro da ponencia que anda a redactar o proxecto de Constitución

confesou que aquela será de aspecto unitario.

O asunto préséntase enmarañado de tal xeito que non é fácil adiviñar o que sairá d'aquí.

Teño ademais a impresión de que as Cortes Constituintes non terán a elevada capacidade que os momentos autuaes e a misión que teñen que realizar requiren. Van ir a elas moitas medianías e bastantes analfabetos.

Si as candidaturas das demais provincias parecense ás que circulan por Galicia onde figuran algunha verdadeiras nulidades con probabilidade desde trunfo non cabe dubida de que o futuro Palramento non terá toda a capacidade que debera ter.

Porque estanse recollendo individuos co desexo de que sirvan de número para que por votos trunfen as ambicións de certos caudillos entre os que destaca Leroux de historia francamente centralista, E asegúrase que será quen reuna mayoría parlamentaria e encarréguese do primeiro goberno constitucional. Si esto chega a ser realidade penso que non ganou moito Hespaña co'a República.

A miña misión como republica-

no rematou xá. Coidei sempre que baixo a Monarquía Galicia non podería conquistar a súa liberdade. E colaborei canto puíden no trunfo da República. Teño que confesar que non era ésta a República que eu ma-xinei e confeso tamén que empezo a desconfiar de que agora conquira-mos a autonomía.

Si así é Galicia ten que estar contra a República como estivo contra a Monarquía por representar igualmente o Estado opresor. E dende-hoje os nacionalistas. Eu dixeno xá antes e despois da República que si ésta non dá solución ao problema galego poñeríame en contra d'ela. Por agora aínda compre agardar pero pareceme que tal como se van poñendo as cousas non tardarei en combatir á República co'a mesma enerxía que combatín á Monarquía. E porque si a República decrálase enemiga de Galicia. Por riba da República está a nosaterra a quen temos que seguir defendendo contra a tiranía chámese como se chame que onome é o de menos. Ex á despois a nosa actuación ténde ser de franco arredismo.

VICTOR CASAS

FAISCAS

Francamente eu atópome decepcionado. Non era esta a República que agardábamos, a que Hespaña necesita para que realice a obra revolucionaria que é necesario facer. Dícese que por ser éste un goberno provisional non está capacitado para autuar da maneira enérxica que compre. Nom estou conforme porque eu penso que é a este goberno a quenlle correspondía facer a limpeza con oxeto de que o primeiro goberno constitucional atopara o camiño limpo de dificultades.

E vai a ser o revés. O problema político agravouse por carencia d'unha actuación enérxica e limpa no goberno e pol-a ambición personal desmedida de casi todol-os directores dos partidos republicanos, especialmente do partido radical e da dereita republicana en decrarada concomitancia cos vellos políticos e cos elementos reaccionarios.

Parece que aquí en troques de realizarse unha revolución o que se fixo foi unha substitución de conceitos e de persoas. Trocouse a Monarquía pol-a República e cambiáronse os homes que gobernaban por outros que pouco se diferencian.

Hai tres ministerios que deberan agora facer unha obra revolucionaria. Son os de Gobernación, Gracia e Xusticia e Guerra. Somentes o da Guerra atreveuse a resolver un problema que foi sempre unha das pesadillas do país. E resolveuno da maneira rexa que correspondía. As Cortes sancionarán o feito porque na concencia de todos está que a obra é boa e necesaria.

Nos outros ministerios agravouse o problema. En Gracia e Xusticia por non autuar enérxicamente e con un criterio firme e definido agudizouse o problema relixioso que está tomando caracteres verdadeiramente alarmantes, que dificultarán enormemente a marcha da República.

En Gobernación por seguirse un criterio de estúpida suavidade e

O Federalismo hespañol e os aragoneses

As asociacións nomeadas «Unión» e «Juventud Aragonésista», establecidas en Barcelona, e que contan con moitoscentos de asociados, cursaron ás tres Diputacións de Aragón o seguinte telegrama:

«Unión y Juventud Aragonésista» saluda en el advenimiento de la República española a una era de paz jurídica en la que se echará los cimientos de una verdadera unidad nacional sobre las bases federales del compromiso de Caspe, detentadas por reyes y Gobiernos posteriores. Los centenares de aragonesistas agrupados hace quince años bajo la bandera de Aragón, cuando no había en Aragón ni bandera ni aragoneses, hace un llamamiento a las Diputaciones aragonesas para que se apresten a constituir el Estatuto de Aragón que ha de formar parte de la República Federal Española, anunciando su propósito de convocar en asamblea a la colonia aragonesa de Barcelona, para que delibere en estos instantes difinitivos para la historia del pueblo aragonés. El aragonés que no cumpla con su deber volviéndose de espaldas a Aragón en estos instantes, merecerá ser juzgado traidor a su tierra y renegado de su sangre. ¡Viva la República Federal Española! ¡Viva Aragón!

Por la Juventud Aragonésista: García Villas, Presidente.

Por la Unión Aragonésista: Calvo Alfaro, Presidente.

componenda co'a política vella estamos presenciando como en casi todas partes, encol de todo nos pobos pequenos, siguen mandando os mesmos que mandaban antes, co'a única diferenca de que agora chámanse repubricanos d'un matiz ou d'outro.

En Galicia non se deportou nin se meteu no carce a ningún cacique. E ao non facerse eso e non poder ficar en liberdade os pobos para autuar libremente, os partidos repubricanos teñen que pactar e facer componendas cos antigos caciques, así vemos como é algo indignante o ambiente político que se respira no agro e nos pobos pequenos. O menos que se puido facer dende o ministerio da Gobernación foi dar a sensación de que na Hespaña habíase feito unha revolución. E non foi así. Sigue o problema agravado pol-as ambicións que se destaparon frenéticamente.

E non se pode cimentar un novo Estado riba de bases tan apodrecidas. Eu teño a impresión de que non pode sair de aquí unha cousa boa. E penso que vai ser moi difícil que as Cortes Constituintes realicen cumpridamente a misión que corresponde ás circunstancias. Paréceme que non sairá d-elas a República que Hespaña necesita. Eu síntome fadamente decepcionado.

Ousérvase unha gran corrente de opinión entre os moitos repubricanos sinceiros e encol de todo entre a mocidade, que foi a que máis fixo pol-a República, de franca desilusión. Os homes que hoxe gobernan e que gozaron da confianza de España enteira nos momentos revolucionarios que derrocaron á monarquía están perdendo esa confianza a pasos axigantados.

Mais a mocidade agarda e sigue disposta a autuar como o fixo xá. Non tolera que a marcha revolucionaria de Hespaña seguía estancada pol-a autuación dos homes da República. E voltará a sair á rúas para impulsar o rumbo da Hespaña deica un estado de ampria democracia e liberdade que se axuste ás nor-

mas políticas e sociaes que hoxe privan no mundo.

Eu teño confianza na mocidade que será a que remate a laboura iniciada co derumbamento da Monarquía.

Porque ata agora, francamente,

pouco temos conquerido con implantar unha República que xá esta asomando a súa tendencia unitaria, reacionaria e burguesa. E non é eso o que Hespaña necesita.

AMARO DE VILAMELLE

Opiniõns sobre o galego

Preguntade a calquer nenño pera dos que a feixes se atopan pol-as vilas, que opinión é a que ten da nosa fala, e diravos axiña:

«Yo *te* soy más gallego que cualquiera, mas ¡caray! ¿voy hablar cual los paisanos? ¡No en mis días!, yo *te* soy hombre fino, no *te* soy ordinario».

Falade con calquera señorote (barba, fachenda, calva cintilante) orgulo do casino do seu pobo, e así expricarás:

«El dulce dialecto de Galicia está bien para hacer bonitos versos, mas querer emplearlo a todo pasto es utópico y necio».

Falade con calquera rapariga (linda cara, feituca testa oca), encol do emprego da galega fala e ha decir a fermosa:

«La Casa de la Troya» *te* me gusta tan solo por sus frases en gallego, encantito, vidiña, tierra meiga. ¡Es tan dulce y tan bello!»

Seguide preguntando inda a mais xente, «hórterñas, barbeiros perfumados, «cubanitos» cõs seus dentiños de ouro, todos eles diravos:

«*Mismo, mismo*, no puedo *afegurarme qu'heiga* quien el gallego *inda* usar quiera ¿Hablar como el *labrego*? ¡Dios me libre! ¡Es un habla tan *feia*!»

«Además, en *Madri* y en la *Curuña*, Habana y Buenos Aires, *non* se emplea *máis* habla *quel* hermoso castellano, nunca el habla gallega»

«¿Y si acaso las gentes se *decatan* por tu hablar que naciste *nesta* tierra? *te caistes* y *naide* te *alevanta*, todo dios te *chotea*».

¿A qué seguir? Como estas opinións moitas máis acharedes de seguro, pois, pol-a mala fada, inda hai a feixes imbéciles e escuros.

KORGOMOFILO

O día do Sant-Iago O Día de Galicia

Este ano, verdadeiro ano santo porque n-él conquireu o povo español a súa liberdade, débese celebrar o aniversario do noso Sant-Iago d'unha maneira especial, xa que despóis de tantos anos de loita en pró d'un recoñecemento da persoalidade da nosa terra, apareceu un día o seu ceo alumado pra que se poidera leer a verba das nosas arelas: federalismo.

Esta é a verba que nós os galeguistas contribuímos a santificar cos nosos esforzos, i-esta idea o redor da que se xuntaron todas as forzas izquierdistas da España pra traer a república concíbense contando con Galicia que mandou un representante o actual Ministro da Marina--a San Sebastián pra que pactara cos demais líderes do republicanismo a forma de goberno que nos había de rexir.

Baixo este suposto erguéu Galicia o seu corpo e coa vista mirando ó frente assistiu o 4 do pasado mes de Junio a Cruña pra estruturar a súa lei constitucional. día inmortal onde Galicia enteira por medio do seus representantes veciños da terra e de fora d'ela fixo un xalarde de entusiasta patriotismo que ficará marcado nos anales da súa hestoria.

O día 25 d'este mes celébrase todos os anos a festa do noso patrón Sant-Iago como día memorable de Galicia; ¿Non se debe celebrar este ano d'unha maneira especial?. Si, debemos solemnizalo mais que nunca por dúas razóns: unha por festexar o noso patrón no ano do triunfo; e outra porque é necesario mais que nunca elevar o espírito dos galegos para que sigan adiante na labourea comenzada.

Foi enorme o triunfo da república en España, pero pra que se confirme é necesario que se cumpla o compromiso baixo o que tamén loitamos os galeguistas; e como as debilidades dos homes poden facer presa nos futuros lexisladores e gobernantes da España, é necesario que Galicia pola súa parte os manteña en pé.

Por todo isto eu quixera—e supoño se fará—que este ano nos xuntáramos non solamente os Irmáns da Fala e demais entidades galeguistas, sinón a maior representación da nosa terra sin faltar os representantes de Galicia ante as Cortes Constituentes españolas.

LUIS CORTIÑAS

Santiago Rusiñol

Galicia non pode mostrarse indiferente ante a morte d'este eximio artista e escritor catalán, gloria da literatura da irmá Cataluña. Unha perda considerabel que produxo en nós fonda emoción.

Choramos a desaparición do glorioso artista e acompañamos a Cataluña na súa dôr profunda.

Compre pensar nos aitos que este ano temos de efetuar os nacionalistas para conmemorar axeitadamente a data da nosa festa nacional. Colle nos iste ano o 25 de Sant-Iago n'esta anceio vigoroso de arrecadar a autonomía galega. Na data da nosa festa as Corte Constituintes acharanse reunidase d-elas sairá ou a nosa liberdade ou o proseguimento da nosa sumisión ao centralismo. Son días de vibración e de porvir.

As Irmandades e os grupos galeguistas da Terra deben pensar no que compre realizar iste ano. Polo de pronto é necesario que a nosa bandeira acade unha extensa expansión sendo pendurada en todas partes para o que necesitase que en cada vila galega fáganse bandeiras que os particulares poidan adquiren e poñer nas súas fenestras.

Compre ademais o espallamento de folletos de propaganda e que se realicen todos cantos aitos, conferencias e mitins, poidamos.

"A NOSA TERRA" publicará como sempre un número extraordinario. Rogamos aos nosos irmáns de toda Galicia que con tempo d'abondo enviennos traballos para realzar a importancia do noso extraordinario.

Follas novas

Album Nos de Castela

Aquela maravillosa colección d'estampas que o egrexio Castelaq dera a conoecer vai para dez anos en todos os pobos grandes de Galicia e outros da Hespaña ante o asombro e admiración de todo o mundo acaba de ser imprentado e posto á venda. Unha efemérides gloriosa da historia da literatura e da arte galegas. A casa "Hanser y Moret" de Madri

por iniciativa de varios amigos do gran artista encargouse da súa impresión facendo unha obra dina de todo encomio. Algo sorprendente de técnica admirabel, que causa admiración.

As 50 láminas foron levadas á estampa con unha xusteza tal que parecen feitos a mán polo admirado e xenial dibuxante. N'este album aparece plasmada vigorosamente a obra inimitabel de Castelao. Esa obra tan profunda e tan súa que non é posibel teña imitadores porque os xenios, e Castelao tén categoría de tal, non se dan a cotío.

Sin hipérbole hai que decir que non é fácil atopar verbas que refrean con xusteza a obra do artista e a dos impresores. Algo extraordinario que somentes vendoo pódese creer. Unha obra que abonda para consagrar a un artista dino de fama universal e a un idioma que tén de traspasar os lindeiros da súa terra pregoando a todos os ventos que en Galicia existe un xenio racial a quen abondalle para o ser o propio idioma e a súa arte maravillosa. Que se decaten d'elo os enemigos da nosa fala.

Ateigados d'unha ledicia que non ten expresión saudamos con xúbilo e orgulo patrio a publicación do album que ninguén que se precie bón galego e namorado da arte verdadeira debe deixar de adequirir.

O seu precio de cinco pesos non é excesivo ante a magnitude da obra.

A Castelao non podemos adicarlle millores verbas que as de lle renovar o noso fondo cariño de irmáns e a obrigadas de admiración que que por él sinten cantos conosen toda a súa laboura xenial patriótica.

"Vieiros" por Ricardo Carballo Calero

Un fermoso volume de poesías galegos que o bón poeta mozo pensador galego acaba de publicar. Modernismo, inspiración e lóxico coitado obran nos 30 poemas de que consta o libro. Carballo Calero rapaz aínda e do mais escolleito da nova xeneración gallega vai camiño de acadar nomadía nos homes galegos do provir. "Vieiros" ábrelle o camiño da popularidade e do prestixio.

Edición Nós. Volume XLIV. Dúas pesetas.

"Beiramar" por Armando Cotarelo

A sona aceretada do gran escritor galego conquiere un novo loureiro con este drama mariñeiro en tres actos de fonda emoción e técnica. O autor do "Trebón" e "Lubican"

aporta con "Beiramar" unha nova obra teatral que prestixia a nosa literatura escénica.

Edición "Nos". Volume XL. Seis reais.

"Contiños da Terra" por M. García Barros

Un libro de contos humorísticos que aunque como o seu mesmo autor reconece non son moi da moda literaria actual son emporiso moi necesarios na nosa literatura como medio faceiro de acadar lectores para produción galega.

Hai n'eles gracia verdadeira e humorismo de fondo sabor racial.

Edición "Nós". Volume XLII. Tres pesetas.

"Vila de Calovo de Randín" por Florentino L. Cuevillá e Xoaquín Lourenzo.

Un profundo estudo etnográfico, prehistórico e folk lórico no que os autores demostran unha vegada mais os seus vastos co-cimentos d'estas materias. Diversas láminas e dibuxos e por todos conceptos obra de gran importancia hoxe en que os estudos encol d'este aspecto da cultura galega estan de gran actualidade.

Edición do Seminario de Estudos galegos feita na imprensa Antvnez de Pontevedra.

"Diccionario galego-castelan" por Leandro Carré

Pubricouse xá o segundo e derradeiro tomo d'este Diccionario como primeiro volume foi imprentado no ano 28 Leandro Carré realiza con este Diccionario unha laboura meritória de outa comenencia para o desenvolvemento actual do noso idioma. Un Diccionario nón cometo que tera de ser consultado O autor meresece gratitude.

Esta á venda nas librerías ao prezo de oito pesetas os dous tomos.

Alonso Ríos, Suárez Picallo e Sigüenza

Estos irmans que na Arxentina e no Uruguay están actuando raxamente pol-a causa nacionalista galega chegaron a nos emisarios do pensamento galeguista dos nosos paisanos emigrados n'aqueles paisos americanos.

Non queremos facer unha biografía política d'eles. A súa actuación en Galicia dende que se atopan con nos faina innecesaria pois eles mesmo encargaronse de a facer no aspecto da valía personal e das ideas que os inspiran. Por onde queiras que ván en propaganda colleitan a admiración e o cariño do noso pobo.

Somentes un saúdo queren ser estas verbas. Un saúdo fraternal que exprese ao mesmo tempo o noso agradecemento por teren chegado a nós axudar na campaña de erguemento da concencia galega n'esta hora histórica e decisiva que Galicia vive actualmente.

Que a Terra lle lo pague e que eles e nós poidamos abranguer o trunfo da Causa da redención de Galicia pola que traballamos sempre.

POLITICA BAIXA, NON

Os que desempre estivemos cos nosos corazóns en alto, poñendo aréas uns e montañas outros pra ca nosa terra fose nosa, pra ca Galiza refrebase a o Mundo inteiro un pobo de bos e xenerosos, non podemos, non queremos que se luxe a bandeira azul e branca n'as mans noxentas de catro políticos profesionales, non, eso xamáis...

Ollade o panorama galego e toparedes sobre os púlpitos da lóita manadas de lagarteiros falando de galeguedade e d'un nazonalismo que non quixeron nunca comprender e que pretenden que na hora derradeira lle sirva pra cubrir as lacras dos seus tempos da Monarquía. -E eso non hirmans, eso non hay máis que crubar!

O nazonalismo nunca foy o partido de ninguén e sempre foy o partido de todos os bos galegos pero sin dono, sin amo nin xefe, porque a lóita por Galiza sólo percisou do sacerdocio dos que predicaron a súa doutrina en precurade faguer patria sobre das tobéiras d'aqueles que en máis séculos non se coidaron máis que de faguer política.

Galegos, os tempos son chegados pra nosa terra, e os nazonalistas que pol-ó agro adiante crebaron suas sandalias de peregrinos teñen o deber de controlar as organizacións nacidas o agarimo d'esta hora, que hay máis que rarear n'elas.

FERNAN COBAS

O pé do Castro Lupario

IMP. VILLUENDAS.—BETANZOS

A NOSA TERRA

PRECIOS DE SUSCRIZÓN

Na Cruña, mes 40 céntimos. Fora, un ano 6 pesetas.
América, un ano 8 pesetas. (Pagos adiantados)

REDAICIÓN E ADEMINISTRACIÓN
Rúa Real, 36, 1.º A Cruña

Peluquería La Modernista

PROPIETARIO

Manuel Aca Suárez

Peluqueiro dos teatros Rosalía Castro e Linares Rivas, da Escola Dramática Galega e de todol-os cadros de decramación da Cruña. Especialidade en pelucas, afeites, crepés e compretas caracterizacións para Teatro.

Para toda crás de traballos de peluquería dirixirse a

SAN ANDRÉS, 94, 1.º A CRUÑA

FRANQUEO CONCERTADO

Sr.

Imprenta de M. Villuendas. - Betanzos

Zincke Hermanos

LIBRERÍA - PAPELERÍA - IMPRENTA

CANTÓN GRANDE, 21 - ESTRELLA, 37
A CRUÑA

FILLOS DE H. HERVADA

(CASA FUNDADA EN 1865)

A CRUÑA

Ferretería, Quincalla, Muebles, Máquinas, Pedras Francesas para muiños etc. etc.

Banco Pastor

Antes Sobrinos de José Pastor

Casa fundada en 1776

Capital suscrito . . . Ptas, 17.000.000
Id. desembolsado . . . 11.000.000
Fondo de Reserva. . . 6.000.000

Casa Central: NA CRUÑA

SUCURSALES .

Vigo, Lugo, Viveiro Ferrol, Sarria, Monforte, A Estrada, Tuy, Melide, Muxia, Carballo, Mondoñedo, Pontevedra, Villalba, Ribadeo, Ortigueira, Carballiño, Padrón, Póvoa do Caramiñal, Rivadavia, Noia, Barco de Valdeorras, Verín, Rúa Petín, Vimianzo, Pontedeira, Chantada, Orense, Cedeira e Ordenes

CONTAS CORRENTES CON LIBRETAS

Abonando os seguintes intreses:

A vista	2	1/2	%	anual
A tres meses	3		%	"
A seis meses	3	1/2	%	"
A un ano	4		%	"

CAIXA D'AFORROS

Abonando intreses ó 3 1/2 % anual

CONTA CORRENTES EN MOEDA EXTRANXEIRA

Intreses a convir

Venta de xiros sobre todo o mundo, especialmente América

PAULINO FREIRE

BOUZAS - VIGO

Sucursales: na Cruña - Ferrol

Redes d'algodón para tarrafa. Aparellos armados e en panos para barcos pesqueiros. Malletas de abaca e cáñamo alquitranado. Cables de aceiros, ingleses. Aceites xenerás e vexetaes, e surtido com preto para maquinaria e pesca.

Santa Lucía, 26 e 29

A CRUÑA

A superioridade dos

CALZADOS SENRA

Abonda para xustificar a preferencia dos consumidores, mais o procedere d'unha industria galega.

HONRA DA NOSA REXION

obriga a non gastar outros a cantos sinten amor pol-a sua Terra.

FÁBRICA, AVENIDA DA GRANXA. - A CRUÑA

DESPACHOS:

Cantón Grande, 15, A CRUÑA

Real, 110, FERROL

Príncipe, 9, VIGO

GRANDES ALMACENES DE TECIDOS

NUEVO MUNDO

SECCIÓN DE SASTRERÍA E CONFECIONS

Inmenso surtido en panos da rexión e estranxeiros. Confecciónase toda crás de prendas para mulleres, homes e nenos.

San Andrés, 41 e 43 - Teléfono 256 - A CRUÑA